



D. \_\_\_\_\_, con D.N.I. nº \_\_\_\_\_, con domicilio na Rúa \_\_\_\_\_, como representante legal da Asociación de Defensa Medioambiental Salvemos Monteferro, e en nome dela, mediante o presente escrito EXPÓN os seguintes

## FEITOS

O día 07/03/08, e con rexistro de entrada nº: 1992, esta asociación presentou unha denuncia neste Concello pola corta de arborado a mata rasa que se produciu o mes de Marzo de 2008 en Monteferro.

Nestes días, observamos que se seguen producindo cortas a mata rasa no mesmo monte, concretamente en catro zonas, reflectidas no mapa adxunto como zona I,II,III e IV. (Anexo 1)

A zona I, podería estar contemplada como devasa perimetral, dada a proximidade con vivendas. Achégase foto zona I (Anexo 2)

A zona II e a zona III, non están na proximidade de vivenda algunha, polo que o suposto de que poidan formar parte de devasa perimetral, carece de sentido. Achégase foto zona 2 e zona III (Anexo 3).

A zona IV, parece obedecer a unha ampliación da pista, suposto que, de confirmarse, conculcaría as normas subsidiarias do propio concello como se explica a continuación. Achégase foto zona IV (Anexo 4)

Por todo o exposto

## DENUNCIA

As cortas estanse levando a cabo a mata rasa, vulnerando o estipulado nas Normas Subsidiarias deste Concello de Nigrán que na súa Ordenanza 17, (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Número: 271, do 23 de Novembro de 1.991, páxina 40) prohíbe explicitamente para Monteferro:

- *“La tala de arbolado que no se produzca por entresaca.”*
- *“El asfaltado de nuevos caminos. La conservación y mejora de los existentes se hará exclusivamente con materiales pétreos en seco. Igualmente se tratarán las áreas de aparcamiento mínimas y acotadas con el fin de evitar la invasión de automóviles de las zonas naturalmente accesibles.”*
- *“El arreglo de los caminos o senderos peatonales, la delimitación de miradores, etc, se hará de la forma más escueta posible.”*

### **Polo que se está vulnerando dita normativa.**

As Normas Subsidiarias son a regulamentación máis concreta a aplicar, tal e como o seu nome indica. Na posible contradición coa lei de Montes prevalecerán sempre as Normas Subsidiarias, por non ser ningunha das dúas normativas de rango superior e ser aquelas máis específicas para o lugar en cuestión. Queremos resaltar aquí que cando se dictaron estas Normas, como tamén agora, a masa forestal de Monteferro

estaba composta fundamentalmente por pinos, eucaliptos e acacias, polo que non cabe, como alguén ten dito, facer distincións entre especies á hora de esixir o seu estricto cumprimento.

Por todo o exposto

## **SOLICITA**

1.- Que este Concello nos informe da situación actual da primeira denuncia presentada por rexistro co nº 1992 o día 07/03/08, das medidas que se aplicaron e das que se vaian a aplicar para facer cumprir a lexislación vixente.

2.- Que se nos informe do posible amparo legal, se existe, que ese Axuntamento deu para efectuar as cortas a mata rasa nas catro zonas sinaladas neste escrito.

3.- Se non existise devandito amparo, para todas ou para algunha delas, que o Concello tome as medidas oportunas para facer cumprir a lexislación vixente (ou sancionar, como en dereito corresponda, a súa conculcación).

4.- Que se nos informe de todos os permisos que este Concello concedeu á CCMM de Monteferro para realizar cortas ou obras de calquera tipo nese espazo protexido no presente exercicio.

5.- Que se teña por presentada esta denuncia e se nos comuniquen cantas resolucións se tomen ao respecto.

## **OUTROSÍ DIGO**

O solicitado nos puntos 2 e 4 é evidentemente "información ambiental", en exercicio do dereito recoñecido no artigo 3 apartado 1-a da Lei 27/2006 pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). A nosa solicitude de información concorda coa ampla definición que ofrece o artigo 2.3 da devandita lei e non incorre desde logo en causa ningunha de excepción das recollidas na normativa devandita e debe xa que logo pórse a disposición de quen subscribe "*lo antes posible y a más tardar... en el plazo máximo de un mes desde la recepción de [esta] solicitud*" (Artículo 10.2 c) 1º).

Asdo.

**Nigrán, 15 de Novembro de 2008**

**Concellería de Medio Ambiente, Concello de Nigrán**

**Salvemos Monteferro**, Asociación de Defensa Medioambiental inscrita co número 2006/009642-1 no Rexistro Central de Asociacións